

# Uns cociñeiros



## especiais



Todos sabemos que os animais son unha parte importante na base da alimentación humana e que grazas á **gandaría**, é dicir, á cría e ao coidado de animais domésticos, podemos obter moitos produtos deles.

Numerosos alimentos podemos atopar no supermercado, como latas de atún, de sardiñas, os embutidos, o queixo, o leite..., todos teñen **orixe animal**; polo tanto, os **animais** son moi **beneficiosos** para as persoas porque forman parte da nosa alimentación diaria.

De igual xeito que o agricultor extrae os produtos da terra sen transformalos, tamén os gandeiros obteñen os produtos **sen transformalos**: o gandeiro obtén o leite do gando, e o mariñeiro, os peixes.

A **pesca** tamén ten moitos beneficios. A pesca marítima pode ser de dous tipos: a pesca de baixura lévase a cabo preto da costa, en barcos pequenos e con medios tradicionais; e a pesca de altura realízase en mar aberto, lonxe da costa, con grandes barcos e con modernos sistemas de pesca e de conservación de peixe.

Os peixes e mariscos tamén poden criarse en **piscifactorías** e viveiros, que se constrúen preto dos ríos ou no mar. Visitaches alguna vez unha piscifactoría? Que tipo de peixes se crían, como os alimentan, como os coidan? ...

A **transformación** destas materias primas realízase posteriormente mediante distintos procesos, uns máis complexos ca outros.



Imaxino que na túa receita pararecerá o peixe. Vaino pensando!

## Analiza información sobre as piscifactorías

Nas piscifactorías críanse peixes para utilizalos como alimento. Nestes lugares cóidanse todos os detalles para que os animais medren sans.

Para alimentalos úsase unha mestura de compostos moi nutritivos (como uns pensos desos que comen os cans).

Os peixes de piscifactoría, como os **salmóns, as robalizas e as douradas**, teñen menos sabor ca os que se capturan na natureza e véndense máis baratos ca os seus compañeiros salvaxes.

### **1. Analiza a información, reflexiona sobre as piscifactorías e completa.**

Vantaxes:

Desvantaxes:

### **2. Pensa e contesta.**

Que pode pasar se capturamos demasiados peixes para o consumo humano?

Cal crees que é a principal vantaxe das piscifactorías para os ecosistemas?

### **3. Nesta fotografía veše parte dunha piscifactoría. Describe o que ves.**



### **4. Crees que é correcta a expresión «unha piscifactoría é coma unha granxa no mar»? Xustifica a túa resposta.**

salmón



robaliza

dourada



### **Solucións**

## Analiza información sobre as piscifactorías

### **1. Analiza a información, reflexiona sobre as piscifactorías e completa.**

**Vantaxes:** os peixes están sans e coidados, prezo máis barato, menos dano ao medio

**Desvantaxes:** os peixes teñen menos sabor ca os seus compañeiros salvaxes.

**2. Que pode pasar se capturamos demasiado peixes para o consumo humano?**

**Pódense extinguir algunhas especies protexidas. (R. M.)**

**Cal crees que é a principal vantaxe das piscifactorías para os ecosistemas?**

**Non se danan os peixes nin se capturan especies protexidas. (R. M.)**

**3. Nesta fotografía veñe parte dunha piscifactoría. Describe o que veñes.**

**(R. M.) Os peixes están sendo recollidos polos empregados da piscifactoría sen sufrir dano ningún.**

**4. Crees que é correcta a expresión «unha piscifactoría é coma unha granxa no mar»?**

**Xustifica a túa resposta.**

**Resposta libre (R. L.)**